

APROXIMACIÓN Á BIBLIOTECA HISTÓRICO-MILITAR DA CORUÑA¹

A Biblioteca Histórico-Militar da Coruña (BHM) depende orgánicamente do Instituto de Historia e Cultura Militar. Está situada no Acuartelamento de Atocha fronte ao antigo Campo da Leña, nun cuartel construído entre 1859 e 1864 polo enxeñeiro militar Joaquín Montenegro, espléndido edificio que se aproxima aos paradigmas do neoclasicismo e apenas sufriu cambios nos seus máis de 150 anos de historia. A colección da BHM conta con 55.000 volumes, que corresponden a 35.000 títulos, dos cales un importante número refírese a historia militar, principalmente española. Ademais da súa sede coruñesa, a biblioteca tutela 29 salas de lectura nos diversos acuartelamentos da súa ampla área xeográfica de influencia, a cal inclúe unidades situadas en seis comunidades autónomas.

A BHM créase no ano 1996, sobre a base da anterior Biblioteca Rexional que se atopaba no antigo Acuartelamento de Macanaz. A súa primeira ubicación é o Cuartel de Atocha, dependendo do Cuartel Xeral do Mando Rexional Noroeste, aínda que en 1998 pasa tamén a depender orgánicamente do Centro de Historia e Cultura Militar Noroeste. En 1999 trasládase ás instalacións do Museo Histórico Militar da Coruña e posteriormente, en 2003, retorna ao Acuartelamento de Atocha, a súa sé actual.

Da totalidade dos seus fondos, moitos deles procedentes de antigas unidades disoltas, a maior parte refírese á historia militar, destacando as coleccións dedicadas ás diversas campañas, entre elas as relacionadas coas da

¹ Este artigo baséase no relatorio inédito de Trinidad Romar: "Presentación de la Biblioteca Histórico-Militar del Noroeste" presentado na *Jornada Técnica Centro de Historia y Cultura Militar del Noroeste*, celebrada en A Coruña o 5 de decembro de 2017. Ademais recolléronse datos en varias entrevistas cos responsábeis da biblioteca, a xefa de negociado Trinidad Romar Casal e o seu director, Coronel Pablo, aos que agradezo a súa colaboración, e o seu magnífico traballo na BHM.



Interior do Fondo Antigo. ©Biblioteca Histórica.

Guerra da Independencia, as Guerras Carlistas, Guerras de Cuba, Filipinas, Marrocos e Guerra Civil. Igualmente son de interese os seus fondos dedicados á historia das unidades do Exército de Terra español, así como os relacionados coa Primeira e Segunda Guerra Mundial e campañas militares doutros países. Entre as súas publicacións seriadas debe citarse a súa colección de Diarios Oficiais do Exército de Terra, Boletíns de Defensa, así como os seus Memoriais do Depósito da Guerra e das Armas. Así mesmo dispón dun importante fondo antigo. A riqueza dos seus fondos é debida, en gran parte, a que a BHM é herdeira de distintas coleccións: a Biblioteca de División da II República, a Biblioteca Militar da 8ª Rexión Militar, da 6ª e a Rexión Militar do Noroeste. A biblioteca está equipada cunha sala de lectura de 24 postos. Ofrece outros servizos bibliotecarios como préstamo a usuarios e préstamo interbibliotecario, información bibliotecaria e reprografía. A biblioteca pertence á Rede de Bibliotecas de Defensa, que engloba 227 bibliotecas entre históricas, especializadas, centros de ensino, salas de lectura e centros penitenciarios. Os seus fondos están incluídos dentro do Catálogo Colectivo, que pode consultarse en <http://www.bibliodef.es>. A procura no seu catálogo móstranos só 13.000 rexistros bibliográficos de monografías e 100 publicacións periódicas, os cal correspóndese con case a metade do total da colección, que dixemos de 35.000 títulos.

Historia e estrutura

A Biblioteca é herdeira da Biblioteca da antiga Capitanía Xeral de Galicia con sede na Coruña. Estivo situada no antigo Cuartel de Macanaz –sede da Fundación Luís Seoane na actualidade– até 1994, cando se instalou no Acuartelamento de Atocha. A nova máis antiga que temos sobre a colección fai constar a existencia na Maestranza dunha biblioteca de 580 volumes xa en 1862. A partir do 2004, a raíz de reunir o fondo antigo procedente das unidades da antiga Rexión Militar Noroeste, os seus fondos aumentaron de forma considerábel.

A primeira medida para a creación de bibliotecas militares en España foi o Decreto de 1843 de Bibliotecas das rexións militares, acompañado por unha instrución para a creación dunha biblioteca na capital de cada Capitanía, instrución da cal é importante dicir que sinalaba que todas as bibliotecas serían públicas. Pero só un ano máis tarde a raíña Isabel II derogou o decreto, pois non se contaba con medios. O plan non se levou a cabo, pero algunhas capitanías formaron a súa biblioteca, como nos revela a existencia na Maestranza daquela biblioteca de 1862. Un século despois, durante a II República, o ministro da Guerra, Manuel Azaña, promoveu en 1932 o Decreto de Bibliotecas Divisionarias. Con este decreto créanse bibliotecas divisionarias militares e unha Biblioteca Central Militar en Madrid. Trala Guerra Civil fúndase o Servizo Histórico Militar co fin de coordinar as bibliotecas, museos e arquivos do exército. En 1941 é aprobado o Regulamento das Bibliotecas militares, establecendo bibliotecas rexionais en cada Rexión militar, en concreto a 8ª, a Capitanía Xeneral de Galicia.

En 1998 créase o actual Instituto de Historia e Cultura Militar, con competencias no patrimonio histórico, documental e bibliográfico do exército de terra.

O Instituto de Historia e Cultura Militar é o organismo do que depende o Centro de Historia e Cultura Militar do Noroeste, que á súa vez implica a Biblioteca Histórico Militar, o Arquivo Militar de Ferrol, o Museo da Coruña e o Museo Militar de Burgos. Posteriormente, coa Lei de 2007 de Defensa do Patrimonio (Arquivística, Museística, Bibliografía) organízase o patrimonio militar e créanse arquivos centrais con sedes en todo o estado: Barcelona, Madrid, Sevilla, Valencia, Tenerife, Mallorca, Ceuta e Melilla e Galicia; correspondéndolle ao arquivo central de Galicia os seguintes territorios: Galicia, Castela-León, Cantabria, Asturias, o País Vasco, Logroño.

Tras estas medidas centralizáronse os libros de fondo antigo da rexión militar Noroeste na BHM, fóra diso os títulos existentes nas distintas Unidades técnicas que dispoñen de salas de lectura, sobre todo nas Oficinas de Apoio ao Soldado, centradas na difusión da lectura. A partir do 2004, a raíz de reunir o fondo antigo procedente das unidades da antiga Rexión Militar Noroeste, os fondos aumentaron de forma considerable.



Fachada da Biblioteca Histórico-Militar

Entre as últimas incorporacións, é importante sinalar que se recibiron coleccións da Comandancia de Obras da Coruña, do Rexemento de Enxeñeiros de Burgos e da Capitanía de Valladolid; tamén ingresaron as bibliotecas do Museo Militar de Burgos e da Comandancia de Obras de Valladolid. A incorporación máis recente é a biblioteca da Fábrica de Armas da Coruña, recibida en 2012.

Catálogos

A biblioteca conta con 55.000 volumes de monografías, das que 12.000 forman parte do patrimonio histórico, pois son anteriores a 1900; mentres que o número de títulos de publicacións periódicas é de 200. O seu fondo está presente en varios catálogos:

Rede de bibliotecas de Defensa (RBD). O catálogo colectivo da rede integra 52 bibliotecas e os seus fondos inclúen máis de 600.000 títulos. En canto á participación da BHM neste catálogo do Ministerio constan referencias a menos do 50% da colección, tan só uns 13.000 títulos, ademais das revistas, dos que 1.300 son fondos patrimoniais, anteriores a 1900.

Catálogo Colectivo de Patrimonio Bibliográfico. No seu fondo constan 3.490 rexistros anteriores a 1900 pertencentes á BHM; tamén segundo este catálogo, a biblioteca atesoura cen libros anteriores a 1800.

Entre eles podemos citar a *Bibliotheca hispana nova* e a *Bibliotheca hispana vetus* de Antonio Nicolás, Os comentarios da guerra civil de Xulio César, varias edicións do *Teatro critico universal* do Padre Feijoo, así como os seus addendas e explicacións, *Ab urbe condita* de Tito Livio ou a *Histoire da Guerre des Alpes* do Marqués de Saint-Simon.

Biblioteca Virtual de Defensa (BVD). É unha gran colección de material dixitalizado, non esquezamos que o Exército ten unha gran colección patrimonial, a segunda en importancia en España logo da Igrexa. Nesta biblioteca están recollidas preto de 40.000 obras, colección na que sobresaen 12.000 manuscritos ou os 500 mapas. A BHM aporta a colección do *Memorial de infantería*, impreso polo *Boletín Oficial del Ejército* entre 1852 e 2012; tamén é necesario apuntar que se incorporou a obra máis antiga da BHM, *Les edicts et ordennaces des roys de France*, editada en París en 1580.

Política bibliotecaria

Clasificación. Os libros ordénanse seguindo as 9 clases da Clasificación Decimal Universal, aínda que se establecen clases máis precisas para algúns temas, así temos, entre outras, a Historia militar subdividida polas distintas guerras, unha clase de Enxeñaría militar ou outra dedicada á Administración militar. Clase máis xerais utilízanse para grandes áreas e o fondo antigo. A biblioteca separa o fondo antigo, obras ata 1900 e fondo moderno, o que podemos ver na táboa:

CDU	FONDO ANTIGUO	FONDO MODERNO
Generalidades	1158	853
Filosofía	21	135
Religión	111	224
Ciencias sociais	3279	4978
Ciencias naturais	475	990
Ciencias aplicadas	2409	2569
Arte	76	763
Literatura	308	714
Historia	2559	2732

Táboa

A sección Galicia, tamén organizada polas clases da CDU, conta con 1.725 volumes mentres que a sección de narrativa suma 3.569 volumes. As seccións de temática militar organízanse en distintas clases: a dedicada ás dúas Guerras Mundiais e o período entre guerras, 708 volumes, a que agrupa as obras sobre as demais guerras internacionais; a historia militar española está recollida en tres subcoleccións, a dedicada á Guerra Civil, os fondos sobre



Interior da Biblioteca Histórico-Militar. ©Biblioteca Histórica.

a Guerra de África e a que recolle obras sobre as restantes guerras nas que participou España, así como a súa participación en misións internacionais. Separadamente a biblioteca conta con 3.000 volumes de publicacións regulamentarias do Exército de Terra que comprenden regulamentos, doutrinas, instrucións, etc. utilizadas para o desenvolvemento das tarefas propias da profesión militar.

Adquisicións. O orzamento para compras depende o Instituto de Historia e Cultura Militar. Recíbense moitas obras en doazón de diferentes institucións como o Ministerio de Defensa, a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña ou a Fundación Barrié así como doazóns particulares, a miúdo de persoal militar xa retirado.

Catalogación. Emprégase o programa das bibliotecas do Ministerio, Bibliodef, o cal é unha versión de Absys. Utilízase o módulo de catalogación, no que se penduran exemplares se o rexistro bibliográfico xa consta no catálogo; tamén se xestiona un módulo de autoridades e con el actualízase o Tesouro de Defensa. O programa é un sistema integral de xestión bibliotecaria, polo que se emprega tamén para xestionar préstamos e usuarios. As claves da política bibliotecaria son Custodia, Control, Conservación e Difusión. A primeira debido a que a colección patrimonial é moi rica, xa dixemos que a segunda en España; fondos que deben ser controlados e preservados para darlles a maior difusión posíbel. O obxectivo final é a dixi-

talización da colección con fins de preservación, conservación e difusión, como se fixo xa coa colección completa da publicación *Memorial de Infantería*. Esta difusión é de gran interese para os investigadores, tanto de patrimonio antigo como de historia militar moderna, sen esquecer a abundancia de temas galegos, cuxos títulos son en moitos casos exemplares únicos.

A colección de revistas oríentase, como no resto das bibliotecas cara á adquisición de títulos nas súas versións dixitais, reducíndose as edicións en papel. Na actualidade a biblioteca realiza un labor de organización e catalogación das publicacións periódicas, ás que se quere dar un trato preferente en prol da difusión da cultura militar. Dentro dos labores de difusión, a biblioteca ofrece guías das súas coleccións, tanto en papel como Guías virtuais, onde podemos citar a elaborada con materiais da Guerra da Independencia. A BHM prepara un Boletín de novidades e Exposicións virtuais ou en colaboración co Museo do Exército. Tamén se celebran cursos monográficos de variadas materias: Heráldica, Tesouros da biblioteca, Vexiloloxía, Fortificación, Música marcial, Historia Militar. Para difundir os seus fondos asinou convenios coa Universidade da Coruña e o Colexio de Avogados.

PEDRO INCIO